

XVI ASEMBLEA NACIONAL DO BNG
A Coruña, 25 e 26 de marzo.

#Informe_do_Consello_Nacional



INFORME DO CONSELLO NACIONAL

O 28 de febreiro de 2016, hai apenas un ano, tiña lugar a XV Asemblea Nacional do BNG. Foi un curto período temporal, mais de intensa actividade política, no interno, no social e no electoral para a nosa organización. Precisamente, o calendario electoral condicionou boa parte da planificación do traballo político do BNG: repetición de elección xerais o 26 de xuño, eleccións galegas o 25 de setembro, e mesmo opción de repetición dunhas novas eleccións xerais o 18 de decembro. Esta situación, nun só semestre, obviamente alterou as previsións e o alcance da nosa actividade.

A nova Executiva Nacional saída da pasada asemblea nacional experimentou unha profunda renovación (66.6% de novas incorporacións), ao igual que o Consello Nacional e boa parte das responsabilidades comarcais. No inmediato, a primeira reunión do Consello Nacional acordou aplicar un dos acordos máis relevantes da pasada asemblea nacional: a posta en marcha dun amplo proceso de análise e debate na base social do nacionalismo, que recibiría a denominación de **proceso Adiante**.

Desenvolvéronse máis de 120 asembleas en que participaron 1.800 persoas entre os meses de abril e maio, ademais doutros pequenos encontros, achegas producidas con ferramentas dixitais, e propostas procedentes tamén da emigración. Unhas 600 persoas, non militantes, participaron de todo este proceso, que contou con web específica (adiante.gal) onde foi posíbel facerlle un seguimento. O proceso Adiante contou cun acto nacional de presentación (Pontevedra, 24 de abril), e os seus traballos -interrompidos en función do calendario electoral imposto- retomáronse coa conformación dunha comisión de impulso que estruturou unha nova fase coa activación de sete mesas sectoriais que recolleron as achegas e análises procedentes das asembleas de base.

Finalmente, os traballos rematados serviron como base para a elaboración do relatorio desta XVI Asemblea Nacional, dándolle así cumprimento ao mandato asembleario de febreiro de 2016.

Como xa se indicou, o ámbito electoral centrou boa parte dos esforzos do BNG neste curto período. Resultaba evidente que a repetición das eleccións xerais en xuño de 2016 non se producía no mellor contexto para o BNG nin tampouco para as organizacións nacionalistas do resto do Estado español. A fórmula de concorrencia escollida foi a de BNG-Nós Candidatura Galega (en coalición coa FOGA e PCPG), e para a facer posíbel era preciso recoller un mínimo de 2.699 sinaturas de avalistas nun curto período temporal. O mínimo legal foi acrecentado até as 13.396 sinaturas presentadas finalmente na administración electoral.

Nunca Galiza estivo tan desaparecida no debate electoral. **O resultado final, con só 44.902 votos obtidos, certificaba as peores das previsións.** Con todo, o Consello Nacional, previamente, tiña decidido priorizar política e mesmo economicamente as eleccións galegas dese mesmo ano, centrando os seus esforzos nesa cita, e fixando como obxectivo político básico das eleccións xerais o de manter un espazo político nacionalista na Galiza. Na propia noite electoral, a Executiva Nacional recoñeceu autocriticamente os resultados e a dificultade, nese escenario político adverso, españolizado e presidencialista, de provocar un cambio de tendencia en tan pouco tempo desde as anteriores eleccións xerais. Mais tamén anunciou **o compromiso do BNG de se erguer e pór en pé, e traballar de inmediato cara ao reto das eleccións galegas,**

conscientes tamén da diferenza de referencias e dinámicas entre un e outro proceso electoral.

Así o fixemos. Cómpre recoñecer o acerto de nos adiantar ao resto de forzas políticas á hora de termos aprobadas as candidaturas antes do Día da Patria, en previsión dun eventual adiamento electoral, que finalmente se produciu. Isto permitiu centrar o noso traballo no mes de agosto na preparación e planificación do traballo electoral, e iniciar a campaña con todo o dispositivo preparado e a organización activada.

Un elemento moi importante no contexto antes descrito, segundo valoración do Consello Nacional, foi, previamente, o **éxito de asistencia á manifestación do Día da Patria Galega convocada polo BNG**. O 25 de xullo demostrou que existe, ademais dunha significativa capacidade organizativa e mobilizadora, base e potencialidade para unha alternativa nacionalista como a representada polo BNG. Tamén o Festigal e o acto organizado por Galiza Nova o 24 de xullo confirmaban esa análise.

A responsabilidade da candidatura á presidencia da Xunta recaeu na nosa compañeira Ana Pontón, Portavoz Nacional do BNG, após o apoio do 92,3% da militancia participante nas asembleas comarcais reunidas de xeito simultáneo, que desenvolveu unha extraordinaria campaña. Tamén, en coherencia coas resolucións da asemblea nacional, se acordou que o nacionalismo tería unha alternativa electoral propia, non dependente de ningunha estrutura partidaria estatal. Así, por unanimidade, o Consello Nacional ratificou que a fórmula de concorrencia electoral sería a través da coalición BNG-Nós, xunto a FOGA e PCPG.

Os resultados obtidos **-120.000 votos e grupo parlamentario, con seis escanos nas catro circunscricións-** evidenciaron a capacidade do BNG de remontar escenarios adversos e para contradicir os peores dos prognósticos que os medios sistémicos nos outorgaran previamente. Sendo conscientes do desacougo provocado nunha parte do noso pobo pola vitoria do PP, tamén é certo que **o apoio recibido é para o BNG estímulo para consolidar a recuperación política e electoral do nacionalismo galego**, e para enfrontar con maiores garantías, dentro e fóra do Parlamento, as políticas da dereita españolista.

A actividade política desenvolvida fóra do ámbito electoral foi tamén especialmente intensa. Unha parte dela, moi importante, tivo a ver coa necesidade de contestar social, política e institucionalmente os efectos das políticas económicas, fiscais, laborais, culturais e lingüísticas dirixidas contra as clases populares do noso país. **O BNG, activo instrumento de combate a esas políticas**, acompañou sempre a súa resposta á articulación de alternativas viábeis, vinculadas á necesidade de superar un marco político -constitucional e autonómico- que lastra as inmensas potencialidades da Galiza, como condición precisa para a xeración de emprego de calidade na Terra, servizos públicos de calidade, así como benestar, xustiza e igualdade para o conxunto da sociedade.

Así, por exemplo, o nacionalismo galego acompañou activamente a causa xusta das traballadoras e traballadores de Ferroatlántica, de ALCOA, do sector de teleoperador@s, dos mariñeiros afectados pola decisión do goberno español de atrasar a súa idade de xubilación, do sector lácteo ameazado, das e dos emigrantes retornados, do comercio de proximidade, ou d@s pensionistas, entre moitos outros. Fomos da man coa CIG en numerosos conflitos, e melloramos a coordinación coa central sindical nacionalista de

referencia para nós. Reclamamos verdade e xustiza, aquí e en Bruxelas, para as vítimas de Angrois. Opuxémonos ao macrovertedoiro previsto por SOGAMA en Lousame amosando unha férrea oposición diante das verteduras contaminantes da mina de San Fins, e demos a cara con coherencia fronte a ENCE, ELNOSA e os seus valedores políticos e sindicais. Puxémonos da man das persoas estafadas pola cláusulas chan, e reclamamos investigación e responsabilidades, políticas e penais, polo saqueo das caixas galegas. E non esquecemos os grandes esquecid@s, as persoas emigrantes. Para elas, a campaña do Plan Retorna, para que volvan, e para que nunca máis ningún/unha galego/a teña que marchar do seu país para gañar o pan que se lle nega na Terra.

A campaña desenvolvida polo BNG de reivindicación da **transferencia á Galiza da AP-9**, como paso previo para a eliminación das peaxes, foi quen de marcar axenda política do país en torno a esta demanda socialmente sentida. O veto en Madrid á tramitación dunha proposición de lei aprobada -a iniciativa do BNG- por unanimidade no Parlamento da Galiza foi o punto de arranque dunha campaña que, ademais de soporte audiovisual, distribución na rúa, actos explicativos, etc., incluíu accións simbólicas como a do colapso simultáneo das peaxes o día 26 de novembro.

Iniciamos tamén -e terá continuidade no tempo- unha campaña nacional en **defensa do concerto económico para Galiza**. En definitiva, termos dereitos nós -galegas e galegos- a dispor dos cartos dos nosos impostos libremente, en función das nosas necesidades. Somos a única forza política que na Galiza desenvolveu este discurso, o que fóra de nos situar na soidade, énchenos de orgullo e vinculáanos á defensa histórica desta reivindicación tan xusta. Na mesma liña, continuamos a defender, fronte ao espolio enerxético, unha tarifa eléctrica galega.

O BNG tivo que dar resposta a novos feminicidios ocorridos na Galiza. A nosa reivindicación de que este asunto -o terror da violencia machista- pase a formar parte da prioridade política -e daquela, tamén orzamentaria- do Goberno galego, marcou axenda e fixo posicionar ao resto de formacións en torno a un problema que non se pode secundarizar. Son **mulleres que morren vítimas do maltrato machista**, e este drama e as súas solucións deben ocupar o espazo que merecen, tamén no ámbito do propio BNG. A convocatoria por parte do BNG dunha xornada nacional contra a violencia machista (Ames, 11 de febreiro) vai nesa dirección, ao igual que a participación do BNG en mobilizacións feministas e na reivindicación do 8 de marzo e 25 de novembro. O 23 de outubro, na Coruña, o BNG secundou unha manifestación dos colectivos LGTBI, asumindo unha reivindicación de xustiza, recoñecemento e igualdade, que tamén é nosa e foi vehiculizada ao Parlamento da Galiza.

A **reivindicación de usos do noso idioma** non tivo, probabelmente, a visualización e resultados prácticos que nos gustaría. O BNG fixo un enorme esforzo para nutrir a manifestación en defensa da lingua do 17 de maio, que se saldou cun éxito de asistencia. A destacar, o feito de ser ese, o 2016, o ano de Manuel María, patriota e compañeiro noso, ao que se lle dedicou a manifestación, mais tamén numerosos actos locais durante todo ese ano. Cómpre recoñecer o meritorio labor realizado con ese motivo por parte da Fundación Manuel María.

Saúdamos a **unidade do movemento estudantil nacionalista** co nacemento de Erguer-Estudantes da Galiza. O BNG apoiou as folgas estudantis do 13 de abril e 24 de novembro de 2016, así como a do 16 de febreiro de 2017, así como as mobilizacións

contra a LOMCE e as reválidas emprendidas pola Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público. Serviu a contestación social organizada para inutilizar, pola vía dos feitos, as reválidas: na Galiza, a maioría das crianzas non as fixeron.

Galiza Nova desenvolveu a súa XIV Asemblea Nacional cun notábel éxito de asistencia e unha profunda renovación da súa dirección. Alberte Fernández foi electo secretario xeral da organización xuvenil en substitución de Alberte Mera, a quen recoñecemos o seu intenso labor nese período, que aínda sendo produto dun traballo colectivo, permitiu normalizar o funcionamento de Galiza Nova e situala nas mellores condicións para o seu fortalecemento.

No plano institucional cabe destacar a **capacidade de iniciativa no Parlamento da Galiza**. Lonxe da dinámica doutras forzas políticas, o grupo parlamentar do BNG, a pesar da súa notábel renovación, foi quen de imprimir un ritmo á súa actuación que o levou a inserir na acción parlamentar os problemas, conflitos, alternativas e aspiracións do noso pobo. Tamén no Parlamento europeo, espazo en que aínda sen posuír oficialmente escano (apenas faltan uns meses), mantén o BNG un dinamismo que o referencia como valedor imprescindible dos intereses do noso país na instancia comunitaria.

Canto á **política municipal** non resulta xa sorprendente o traballo dos concellos con gobernos do BNG, recoñecidos dentro e fóra do noso país polas súas iniciativas innovadoras ao servizo da veciñanza e con perspectiva nacional. A súa conformación en Rede de Concellos Nacionalistas (29 de marzo) marca un camiño que pretendemos impulsar, no que ten a ver coa coordinación, homexeneización e mellora do traballo municipal. Lamentamos, con todo, a perda da alcaldía de Pontecesures, como consecuencia dunha moción de censura espuria promovida polo PP, e tamén as pintorescas alianzas que ameazaron o goberno local de Pontevedra, ou que desafían a continuidade do alcalde do BNG en Fene. O BNG ten proxecto propio, deféndeo con coherencia, mais non se traba de inimigo.

Produciuse tamén neste período a saída do BNG do goberno da Deputación de Lugo, como consecuencia do acordo de orzamentos producido entre o PP, o PSOE e un tráfuga desa formación. Noutra deputación, a de Pontevedra, o BNG soportou con madurez, fortaleza e coherencia os ataques mafiosos, a persecución e a ameaza directa promovida desde un PP que non asumiu a perda do poder e dos privilexios caciquís de que viña facendo gala historicamente desde a institución provincial.

Con todo, o calendario político e electoral impediu realizar unha análise demorada e profunda, de conxunto, a respecto do papel do BNG nestas institucións e da súa funcionalidade, da súa conexión coa organización, ou da estratexia a seguir no resto do mandato en función do proxecto político que defendemos. Este será, sen dúbida, un dos elementos aos que lle prestar atención no futuro máis inmediato.

Aplicando as resolucións asemblearias, mereceu especial atención a **valorización de datas simbólicas desde unha perspectiva nacionalista**. Así, ás xa tradicionais conmemoracións nacionais do Día da Galiza Mártir (Pontevedra, 17 de agosto), homenaxe a Castelao (Rianxo, 7 de xaneiro) ou Mártires de Carral (26 de abril), sumóuselle tamén este ano a homenaxe ás Mártires de Nebra (Porto do Son, 12 de outubro), ou a lembranza do centenario das Irmandades da Fala, que ademais de varios eventos promovidos polo BNG, contou coa organización dun roteiro na Coruña, o pasado

14 de maio. Tamén o 6 de decembro, aniversario da Constitución española, tivo resposta do BNG coa organización dun acto nacional pola autodeterminación da Galiza.

Somos nacionalistas, e por esa mesma razón, tamén **internacionalistas**. No ámbito internacional, o BNG estivo presente en numerosos escenarios solidarios e anti-imperialistas: no Sáhara (con iniciativas de solidariedade contra a represión marroquina e presenza no Congreso do Frente Polisario en Alxeria), en Catalunya (na súa Diada Nacional e sempre solidariamente contra a resposta do Estado ao proceso independentista en marcha), en Euskal Herria (demandando a liberdade de Arnaldo Otegi, no Congreso de Sortu ou en actos do EAJ-PNV), en Irlanda (Congreso do Sinn Féin), apoiando o PT e PCdoB contra o golpe de estado institucional no Brasil, asistindo aos congresos de MÉS per Mallorca e do Bloc Nacionalista Valencià, con Venezuela e a súa revolución bolivariana, no país irmán de Portugal (Festa do Avante! e Congreso do PCP), e moi especialmente con Cuba, lamentando a morte do comandante Fidel Castro, referencia revolucionaria a escala planetaria.

Non faltou a solidariedade do BNG con Palestina diante do asasinato en Europa dun activista da FPLP, mais tamén co Curdistán, ou rendéndolle homenaxe póstumo á nosa amiga Doris Benegas, dirixente de Izquierda Castellana. Iniciamos contactos coa Alianza Verde-Vermella de Dinamarca, co Partido Comunista do Paraguai, e coa organización de pobos indíxenas zapotecos (México).

Ademais, o BNG denunciou a hipocrisía da UE fronte ao drama de milleiros de refuxiad@s. Oficialmente e simbolicamente, coa retirada da bandeira da UE dos concellos con alcaldía do BNG, ou mesmo coa organización de accións de impacto, como a recreación na Coruña dun campamento de refuxiad@s.

A **Fundación Galiza Sempre** iniciou unha nova etapa tendo a Francisco Jorquera como presidente desta entidade. Programáronse actividades que deberán ter reflexo da súa nova andaina xa no presente 2017.

Durante este período, o Consello Nacional reuniuse en 9 ocasións, e a Executiva Nacional mantivo 49 reunións. Membros da Executiva Nacional asistiron a asembleas en todas as comarcas, tanto en reunións orgánicas como en todo tipo de actos, incluíndo a presenza da Portavoz Nacional. Enviáronse un total de 71 comunicacións electrónicas á militancia, así como 56 circulares nacionais de organización a responsábeis e consellos comarcais.

Neste período, e especialmente desde as pasadas eleccións galegas, detectamos un **importante incremento de persoas afiliadas**, así como de simpatizantes censad@s. Dámoslle a benvida e recibimos cos brazos abertos aos aproximadamente novos 400 compañeiras e compañeiros (nun 50% menores de 30 anos) desde a pasada cita asemblearia, así como á **Fronte Obreira Galega (FOGA)**, que ven enriquecer en pluralismo á fronte patriótica. O BNG está a vivir un bo momento do punto de vista organizativo, que tamén ten a ver co meritorio traballo desenvolvido polos cadros orgánicos locais e comarcais. A pesar das carencias e deficiencias, que as hai, e serán obxecto de análise e corrección no relatorio, o certo é que volve o BNG ser referencia para un sector significativo do noso pobo, e esa percepción ten tradución no incremento de militantes e simpatizantes. Non é allea a esta realidade a unidade e cohesión internas que estamos a vivir.

Como elemento negativo, cabe resaltar a imposibilidade de activar, como nos gustaría, a estrutura sectorial de grupos de traballo debido, en parte, ao calendario electoral xa descrito. Con todo, cómpre recoñecer o valioso traballo colectivo desenvolvido no ámbito dos grupos de traballo de ecoloxismo (tamén coa creación dun grupo antiespecista), de sanidade, pesca, área internacional, comunicación, lingua, acción feminista ou medio rural.

Vigo e Ourense, pola súa singularidade política, foron territorios prioritarios para o BNG. A súa recuperación política e organizativa resultan vitais no camiño de fortalecemento do nacionalismo e, sen dúbida, cómpre insistir nesa dirección. Fóra dos lindes administrativos da comunidade autónoma, valoramos tamén positivamente a relación co **Partido do Bierzo** de o inicio de ligazóns institucionais con concellos bercianos.

Do punto de vista financeiro, o BNG situou como obxectivo político a superación progresiva da importante débeda bancaria contraída en etapas anteriores. De 4,2 millóns (no 2013) temos previsto rematar o ano 2017 por baixo do millón de euros de débeda, o que nos sitúa nun contexto xa máis xestionábel. Isto foi posíbel mudando profundamente a concepción das campañas electorais, recortando gasto e, sobre todo, fundamentando o traballo político na militancia, incluíndo unha prolongada cota extra que permitiu desenvolver con dignidade tres procesos electorais encadeados. Sen depender de ninguén, **cos nosos recursos e coas nosas mans**.

Esta é só unha síntese da intensa actuación política do BNG durante este último ano. Con erros e con acertos, e cos resultados electorais xa analizados, o certo é que manter vivo, activo, libre e sen tutelas un pensamento e movemento nacionalista na Galiza, con todas as dificultades, só foi posíbel ao contarmos cunha grande e extraordinaria organización, composta por milleiros de compañeiras e compañeiros que dan o mellor de si, sen nada a cambio, ao servizo da causa da liberación nacional do pobo galego. Mais tamén queremos lembrar as compañeiras e compañeiros nosos quen nos deixaron fisicamente neste último ano. Todas e todos eles seguirán vivos na nosa memoria.